

do ao proceso...», debe dicir: «...non teñan completado o proceso...».

Na páxina 14.990, columna dereita, artigo 2.1º, letra b), onde di: «...que, tendo subscripta a súa adhesión, non iniciase o proceso de transferencia...», debe dicir: «...que, tendo subscripta a súa adhesión, non completase o proceso de transferencia...».

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Decreto 196/2008, do 28 de agosto, polo que se declara a urxente ocupación, para os efectos de expropiación forzosa, polo Concello de Foz, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto de recuperación do bordo litoral da ría do Masma entre o porto de Foz e a ponte da Espiñeira.

O Concello de Foz, en sesión do día 22 de xaneiro de 2007, aprobou o proxecto de recuperación do bordo litoral da ría do Masma entre o porto de Foz e a ponte da Espiñeira e, na mesma sesión, acordou solicitar da Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa ao abeiro do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Os bens en que se concreta a declaración de urxente ocupación están determinados no expediente que se someteu á información pública.

Este expediente tivo entrada na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e contén a xustificación acreditativa da motivación para a declaración de urxente ocupación.

O expediente foi tratado na Comisión de Secretarías Xerais previa á súa elevación ao Consello da Xunta de Galicia.

O expediente contén a documentación a que se refire o artigo primeiro da Orde do 7 de decembro de 1983, sobre declaracións de urxente ocupación, así como a exixida no artigo 3 da Lei 11/1996, do 27 de decembro, de medidas de disciplina orzamentaria.

En consecuencia, considérase necesaria a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización das obras do proxecto técnico sinalado, xa que, coas obras pretendidas, se logra a recuperación e a rexeneración ambiental desta zona protexida, garantindo a integridade dos sistemas litorais e a sustentabilidade da ría. Este motivo

da urxencia vese incrementado pola existencia de pendentes e noiros nos terreos con risco de accidentes, así como pola necesidade de dotalos axiña de fácil acceso á zona ata agora difícil para equipos de emerxencias, viandantes e demais, e polo perigo de lume na zona.

A competencia para a declaración da urxente ocupación correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia segundo o disposto nos artigos 27.2º e 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e oito de agosto de dous mil oito,

DISPOÑO:

Artigo único.-De conformidade co disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, declárase a urxente ocupación, para efectos de expropiación forzosa, polo Concello de Foz, dos bens e dereitos concretados no expediente administrativo instruído para o efecto e necesarios para a execución das obras do proxecto de recuperación do bordo litoral da ría do Masma entre o porto de Foz e a ponte da Espiñeira, debendo, de ser o caso, unha vez ocupados os terreos necesarios, obter as autorizacións que fosen necesarias dos organismos competentes, con carácter previo ao inicio das obras.

Santiago de Compostela, vinte e oito de agosto de dous mil oito.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

Resolución do 25 de agosto de 2008, da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Resolución do 12 de decembro de 2007 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, para actividades formativas e de sensibilización e para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento.

Conforme o establecido no artigo 21 da Resolución do 12 de decembro de 2007, da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, pola que se aproban as bases regula-

doras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, para actividades formativas e de sensibilización e para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento, unha vez ultimada a concesión de axudas, publicárase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das concedidas con indicación do beneficiario/a, contía, país de execución do proxecto e finalidade.

Na súa virtude,

RESOLVO:

Publicar no *Diario Oficial de Galicia* as axudas concedidas por resolución da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, do 8 de maio, para:

-Execución de proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior ás organizacións non gobernamentais de cooperación ao desenvolvemento, por un importe global de tres millóns setecentos trinta e catro mil oitocentos oitenta e cinco euros (3.734.885 €), nas contías, beneficiarios, finalidade, país de execución e aplicacións orzamentarias que se relacionan no anexo I desta resolución.

-Execución de proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior polas universidades, os sindicatos, as empresas ou organizacións empresariais e as comunidades galegas no exterior por un importe global de trescentos noventa e seis mil seiscentos quince euros (396.615 €), nas contías, beneficiarios, finalidade, país de execución e aplicacións orzamentarias que se relacionan no anexo II desta resolución.

-Actividades formativas e de sensibilización polas organizacións non gobernamentais de cooperación ao desenvolvemento por un importe global de trescentos sesenta e nove mil vinte e catro euros (369.024 €) nas contías, beneficiarios, finalidade que se relacionan no anexo III desta resolución.

-Consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento por un importe global de douscentos vinte e cinco mil douscentos noventa euros (225.290 €) nas contías, beneficiarios, finalidade que se relacionan no anexo IV desta resolución.

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2008.

Julio César Fernández Mato
Secretario xeral de Relacións Exteriores

ANEXO I

Proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior por ONGD

Nº expte.	Axente	Denominación proxecto	Subvención concedida	Anualidade 2008	Anualidade 2009	04.41.331A.490.0		04.41.331A.790.0	
						2008	2009	2008	2009
2008/45	<i>Asamblea de Cooperación por la Paz</i>	Plan de promoción do tecido asociativo de 5 iniciativas de economía solidaria en materia pesqueira, con especial énfase no establecemento dun plan de extracción sustentable e a promoción do ambiente en 8 comunidades da desembocadura do Baixo Lempa (II fase). El Salvador.	174.789	104.873	69.916	61.793	41.196	43.080	28.720
2008/46	<i>Asamblea de Cooperación por la Paz</i>	Mellora das condicións de saúde, socioeconómicas, legais, organizativas e prevención de desastres naturais, con especial incidencia na equidade de xénero, dos 5.799 habitantes do Barrio de Puerto Rico e 3.200 do barrio de La Barquita, no sector de Los Mina Norte, San Domingo Leste. Rep. Dominicana.	175.000	105.000	70.000	77.141	51.428	27.859	18.572
2008/33	<i>Fundación Taller de Solidaridad</i>	Manexo sustentable de recursos naturais no alto Marañón en Amazonas. Perú.	228.359	137.015	91.344	71.340	47.560	65.675	43.784
2008/09	<i>Federación Española de Religiosos de la Enseñanza (FERE)</i>	Ampliación do centro escolar María Ana Mogas para mellorar a calidade e a atención educativa da poboación escolar da cidade de Matola. Mozambique.	92.000	92.000	-----	6.000	-----	86.000	-----
2008/74	<i>Educación sin Fronteras</i>	Mellora da calidade educativa das comunidades dos departamentos de San Salvador e La Libertad, El Salvador, fase II. El Salvador.	106.417	63.850	42.567	50.536	33.691	13.314	8.876
2008/53	<i>Fundación Intermón Oxfam</i>	Mulleres maias inciden ante autoridades e sociedade civil para a diminución da violencia de xénero e a discriminación. Guatemala.	160.000	96.000	64.000	88.625	59.083	7.375	4.917
2008/42	<i>Fundación Madreselva</i>	Mellora e promoción da educación primaria para nenos, nenas e mozos en situación de vulnerabilidade na localidade de Chokwe. Mozambique.	133.560	80.136	53.424	12.986	8.657	67.150	44.767
2008/22	<i>Jóvenes del Tercer Mundo</i>	Mellora da escolarización e alfabetización en Lwena, provincia de Moxico. Angola	108.133	64.880	43.253	44.588	29.725	20.292	13.528
2008/01	<i>Farmacéuticos Mundi</i>	Mellora das condicións sociosanitarias en dous cantóns e cinco comunidades do municipio de Chalchuapa (dpto. Santa Ana) na rexión occidental de El Salvador.	174.919	104.952	69.967	46.258	30.838	58.694	39.129
2008/30	<i>Amigos da Terra Galicia-Xuventude</i>	Promovendo a conservación dos recursos mariños costeiros e o incremento de beneficios da pesca artesanal no Golfo de Fonseca. El Salvador-Honduras-Nicaragua.	175.000	105.000	70.000	81.102	54.068	23.898	15.932
2008/29	<i>Veterinarios sin Fronteras</i>	Fortalecemento das capacidades produtivas, comerciais e organizativas das cooperativas membros da Rede de Cooperativas de Café da Rexión Norte (RECOCARNO). Haití.	165.968	99.581	66.387	83.787	55.858	15.794	10.529

Nº expte.	Axente	Denominación proxecto	Subvención concedida	Anualidade 2008	Anualidade 2009	04.41.331A.490.0		04.41.331A.790.0	
						2008	2009	2008	2009
2008/56	<i>Fundación Intermón Oxfam</i>	Mulleres organizadas a nivel nacional, contribúen ao desenvolvemento local, á loita contra a pobreza e á equidade de xénero. Perú.	174.999	104.999	70.000	99.210	66.140	5.789	3.860
2008/37	<i>Fundación Ayuda en Acción</i>	Xestión integral con enfoque asociativo para alcanzar a soberanía alimentaria en comunidades excluídas da sub-bacía do río Macará (fronteira peruano-ecuatoriana). Perú.	282.116	166.269	115.847	62.260	41.507	104.009	74.340
2008/35	<i>Amarante para o Ecodesenvolvemento</i>	Segunda fase de consolidación do desenvolvemento organizativo, produtivo e comercial de seis organizacións labregas do cantón de Junín. Ecuador.	109.773	65.864	43.909	53.917	35.945	11.947	7.964
2008/32	<i>Fundación Taller de Solidaridad</i>	Fortalecemento do labor educativo das servas de San José en Perú.	156.298	93.779	62.519	28.304	18.869	65.475	43.650
2008/36	<i>Solidariedade Internacional de Galicia</i>	Mellora da saúde da poboación a través da construción e rehabilitación de sistemas de auga potable e saneamento en comunidades dos municipios de Ballate e Santa Fe. Honduras, fase II.	151.200	90.720	60.480	41.580	27.720	49.140	32.760
2008/66	<i>Asociación por la Paz y el Desarrollo</i>	Fortalecemento da atención sanitaria nas comunidades El Molino, municipio Yocalla e Keluyo, municipio Puna, ofrecendo cobertura de saúde aos seus habitantes. Bolivia.	152.457	91.474	60.983	31.420	20.947	60.054	40.036
2008/24	<i>Asociación Proyde</i>	Construción, equipamento e posta en marcha do Centro de Desenvolvemento Comunal de Haut Palmiste, Illa Tortuga. Haití.	98.575	59.145	39.430	3.360	2.240	55.785	37.190
2008/02	<i>Fundación para el Desarrollo de la Enfermería</i>	Mellora da calidade da atención obstétrica prestada polas comadroas tradicionais e profesionais de enfermaría do departamento de San Marcos. Guatemala.	99.923	59.954	39.969	42.759	28.506	17.195	11.463
2008/50	<i>Amigos de Escaes-Perú</i>	Manexo sustentable de recursos hidrobiolóxicos con desenvolvemento humano e social con pescadores extractores de mariscos e as súas familias da Bahía de Sechura. Perú.	159.455	95.673	63.782	39.322	26.215	56.351	37.567
2008/38	<i>Enxeñaría sen Fronteiras Galicia</i>	Fortalecemento das capacidades das comunidades da microbacía do río Sasle para unha xestión sustentable dos recursos naturais, Jinotega. Nicaragua.	92.800	55.680	37.120	44.940	29.960	10.740	7.160
2008/51	<i>Asociación por la Paz y el Desarrollo</i>	Reducido o índice de transmisión de VIH/SIDA no Sector de Farim. Guinea Bissau.	146.509	87.905	58.604	39.009	26.006	48.896	32.598
2008/06	<i>Fundación Interred</i>	Impulsar procesos de transformación social e educativa a través de propostas educativas comunitarias participativas e innovadoras e mediante a consolidación dun espazo radiofónico alternativo. Bolivia.	116.035	58.892	57.143	41.157	31.436	17.735	25.707
2008/05	<i>Instituto Sindical de Cooperación al Desarrollo</i>	Planificación estratéxica e desenvolvemento organizativo de Anta. El Salvador.	94.044	56.426	37.618	53.599	35.733	2.827	1.885
2008/59	<i>Implicadas no Desenvolvemento</i>	Empoderamento de mulleres en Mersa II. Etiopía.	47.624	28.574	19.050	26.687	17.792	1.887	1.258
2008/75	<i>Fundación Entreculturas Fe y Alegría</i>	Implementación do Centro de Formación Permanente para Educadores San Ignacio de Loyola. Bolivia.	158.932	81.359	77.573	5.820	3.880	75.539	73.693
Total			3.734.885	2.250.000	1.484.885	1.237.500	825.000	1.012.500	659.885

ANEXO II

Proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior por outros axentes de corporación

Nº expte.	Axente	Denominación proxecto	Subvención concedida	Anualidade 2008	Anualidade 2009	04.41.331A.490.0		04.41.331A.790.0	
						2008	2009	2008	2009
2008/17	<i>Fundación Galicia Innova</i>	Elaboración do programa de desenvolvemento da vila de St. Louis, Senegal.	18.000	18.000	-----	18.000	-----	-----	-----
2008/54	<i>Rural Consulting, S.L.</i>	Centro de formación e promoción do turismo. Mozambique.	118.650	71.190	47.460	26.916	17.944	44.274	29.516
2008/18	<i>Serviguide S.L.</i>	Proposta para o desenvolvemento do prototipo do Programa Agromercados Saudables en Cuba.	86.548	86.548	-----	60.567	-----	25.981	-----
2008/55	<i>Anfaco-Cecopesca</i>	Mellora da capacidade de produción e comercialización para os pescadores artesanais da provincia de Manabí. Ecuador.	145.582	87.349	58.233	17.760	11.840	69.589	46.393
2008/44	<i>Grupo Apoyo Economía Social para América Latina</i>	Fortalecemento da produción e comercialización de cana guadúa na comunidade indíxena Cofán Duvuno. Ecuador.	27.835	27.835	-----	17.135	-----	10.700	-----
Total			396.615	290.922	105.693	140.378	29.784	150.544	75.909

ANEXO III

Proxectos para actividades formativas e de sensibilización por ONGD

Nº expte.	Axente	Denominación do proxecto	Subvención concedida	Anualidade 2008	Anualidade 2009
2008/22	<i>Fundación Entreculturas Fe y Alegría</i>	Cidadanía en rede: programa de participación, sensibilización e formación.	20.700	12.420	8.280
2008/25	<i>Fundación Intermón Oxfam</i>	Campaña mundial pola educación en Galicia 2008.	9.413	9.413	-----
2008/08	<i>Fundación Unicef Comité Español</i>	Educa para o desenvolvemento con UNICEF Galicia.	5.874	5.874	-----
2008/45	<i>Fundación Ayuda en Acción</i>	Chinchaysuyo e a cooperación galega na fronteira ecuato-peruana. Tres anos de intervención na zona posconflicto.	22.111	13.267	8.844
2008/41	<i>Educación sin Fronteras</i>	Acortando distancias educativas. Achégate a El Salvador.	19.533	19.533	-----
2008/26	<i>Solidariedade Internacional de Galicia</i>	Pola dignificación dos dereitos laborais.	27.115	16.269	10.846
2008/38	<i>Bicis pola Paz</i>	Novena aula itinerante do conto solidario 08/09.	3.000	1.800	1.200
2008/17	<i>Fundación Intermón Oxfam</i>	Exiximos xustiza.	19.900	11.940	7.960
2008/29	<i>Fundación Ayuda en Acción</i>	Formando e sensibilizando en xénero.	19.200	4.950	14.250
2008/34	<i>Implicadas no Desenvolvemento</i>	Ano do xénero.	12.748	7.649	5.099
2008/09	<i>Médicos del Mundo</i>	FOTOGRAFICA, vidas arredor da SIDA II.	17.078	10.247	6.831
2008/01	<i>Fundación para el Desarrollo de la Enfermería</i>	Capacitación dos profesionais de enfermaría galegos como axentes de sensibilización e educación ao desenvolvemento.	19.035	11.421	7.614
2008/33	<i>Amarante para o Ecodesenvolvemento</i>	Galicia con vistas ao sur 08.	9.630	9.630	-----
2008/37	<i>Emaus Fundación Social</i>	Soberanía alimentaria para o DHS.	10.265	6.159	4.106
2008/43	<i>Fundación Taller de Solidaridad</i>	Portal educativo <i>Tu turno, mi turno, consumo responsable</i> .	18.200	18.200	-----
2008/18	<i>Seminario Galego de Educación para a Paz</i>	A obsesión armamentística.	18.073	10.844	7.229
2008/04	<i>Fundación Interred</i>	XIV curso - obradoiro de formación do voluntariado internacional. Interdependencia Solidaria.	8.155	4.893	3.262
2008/30	<i>Amarante para o Ecodesenvolvemento</i>	En-Cadeadas.	16.000	9.600	6.400
2008/40	<i>Asociación por la Paz y el Desarrollo</i>	Formación e sensibilización a sociedade galega no ámbito da saúde e os dereitos sexuais e reprodutivos.	24.614	14.768	9.846
2008/19	<i>Veterinarios sin Fronteras</i>	Sensibilización específica de soberanía alimentaria.	19.830	11.898	7.932
2008/44	<i>Asociación Cultural A Cova da Terra</i>	Consumo para pequenos cidadáns.	14.880	14.880	-----
2008/24	<i>Solidariedade Internacional de Galicia</i>	Xogos no mundo.	15.237	15.237	-----
2008/20	<i>Asamblea de Cooperación por la Paz</i>	Formación, participación e sensibilización en cooperación ao desenvolvemento e sensibilización sobre os obxectivos do milenio (ODM).	18.433	11.060	7.373
Total			369.024	251.952	117.072

ANEXO IV

Proxectos de consolidación e fortalecemento de ONGD

Nº expte.	Axente	Denominación do proxecto	Subvención concedida	Anualidade 2008	Anualidade 2009
2008/13	<i>Solidariedade Internacional de Galicia</i>	Formación de voluntariado e persoal laboral e fortalecemento da área de cooperación.	22.376	13.426	8.950
2008/23	<i>Asociación Cultural A Cova da Terra</i>	Consolidación da oferta educativa en comercio xusto e consumo responsable do C.R. Kandaharia.	18.627	18.627	-----
2008/08	<i>Amigos da Terra Galicia - Xuventude</i>	Consolidación III fase: reforzo das áreas de traballo.	21.490	12.894	8.596
2008/10	<i>Veterinarios sin Fronteras</i>	Fortalecemento incidencia VSF 2.	14.000	8.400	5.600
2008/03	<i>Médicos del Mundo</i>	Fortalecemento MDM - Galicia 2008.	17.999	10.799	7.200
2008/06	<i>Fundación Entreculturas Fe y Alegría</i>	Fortalecemento da área de educación para o desenvolvemento da <i>Fundación Entreculturas en Galicia</i> (2ª fase).	15.600	9.360	6.240
2008/22	<i>Fundación Taller de Solidaridad</i>	Implantación do plan de empresa da importadora de comercio xusto de Taller de Solidaridade.	16.900	10.140	6.760
2008/15	<i>Amarante para o Ecodesenvolvemento</i>	Fortalecer as liñas transversais de Amarante Setem, consumo responsable, ecodesenvolvemento e políticas de xénero.	21.822	21.822	-----
2008/24	<i>Fundación Paz e Solidariedade</i>	Desenvolvemento da planificación estratéxica.	18.000	18.000	-----
2008/02	<i>Fundación Unicef Comité Español</i>	Proxecto para o fortalecemento e diferenciación do UNICEF Comité Galicia como unha organización de Acción en Cooperación.	11.181	11.181	-----
2008/21	<i>Educación sin Fronteras</i>	Fortalecemento e consolidación institucional de <i>Educación sin Fronteras</i> en Galicia.	14.100	8.460	5.640

Nº expte.	Axente	Denominación do proxecto	Subvención concedida	Anualidade 2008	Anualidade 2009
2008/01	<i>Farmacéuticos Mundi</i>	Fortalecemento do departamento de sensibilización e mellora da capacidade de xestión.	18.000	10.800	7.200
2008/16	<i>Fundación Acción contra el Hambre</i>	Fortalecemento da delegación en Galicia de <i>Acción contra el Hambre</i> .	15.195	9.117	6.078
Total			225.290	163.026	62.264

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

Decreto 197/2008, do 28 de agosto, polo que se aproba o cambio de titularidade dos seguintes treitos provinciais: E.P. 0003 Pedra do Lagarto-Marcón; E.P. 0005 San Mauro-Pedra do Lagarto; E.P. 0007 Pontevedra-Casas Novas; E.P. 0008 N-541-Montecelo C-531; E.P. 0009 Finca Areeiro; E.P. 0010 Pontevedra-Monte Porreiro; E.P. 0013 Mollavao-Sisto; E.P. 0015 Parda-O Marco C-316 e E.P. 0016 Porta do Sol Castelo, a favor do Concello de Pontevedra.

A teor do previsto no artigo 5 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.

Por outra parte, a citada Lei de estradas dispón no artigo 54, que as estradas provinciais ou os treitos determinados delas nos que a circulación adquira características urbanas, entregaránselles aos respectivos concellos. O expediente promoverase por proposta do concello ou da administración titular e será resolto polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas, logo de informe de ambos os organismos.

Ao abeiro das mencionadas previsións legais, o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra acordaron, mediante convenio, a transferencia dos seguintes tramos de estradas:

1. E.P. 0003 Pedra do Lagarto-Marcón.

Parte da estrada de San Mauro e entronca coa do Pino-Ponte Bora, e ten unha lonxitude de 2.300 metros.

2. E.P. 0005 San Mauro-Pedra do Lagarto.

Iníciase na estrada de Ponte Caldelas e remata na Pedra do Lagarto, cunha lonxitude de 484 metros.

3. E.P. 0007 Pontevedra-Casas Novas.

Iníciase na avenida de Bos Aires e remata na estrada de Pontevedra-Ourense N-541, cunha lonxitude de 1.980 metros. O seu trazado comprende as rúas de Padre Gaite, Fernando Olmedo, Santa Margarida e A Pomba.

4. E.P. 0008 N-541-Montecelo C-531.

Esta estrada ten unha lonxitude de 2.200 metros.

5. E.P. 0009 Finca Areeiro.

Iníciase na estrada de Marín ata a Finca de Areeiro cunha lonxitude de 560 metros.

6. E.P. 0010 Pontevedra-Monte Porreiro.

Iníciase na avenida Bos Aires e remata no embarca-doiro do río Lérez, cunha lonxitude de 1.300 metros.

7. E.P. 0013 Mollavao-Sisto.

Entronca a antiga estrada Pontevedra-Marín con Xoán XXIII, cunha lonxitude de 1.769 metros.

8. E.P. 0015 Parda-O Marco C-316.

Ten o seu comezo no cruzamento do edificio dos xulgados e remata no Pino-Bora, cunha lonxitude de 1.000 metros.

9. E.P. 0016 Porta do Sol Castelo.

Discorre desde a estrada autonómica Pontevedra-Lérez-Campo Lameiro ata o lugar de Castelo, dunha lonxitude de 2.917 metros.

A Dirección Xeral de Obras Públicas, de acordo co informe emitido polos servizos técnicos competentes, formula proposta favorable á transferencia da titularidade.

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes estima axeitado o cambio de titularidade tendo en conta que os devanditos tramos adquiriron características netamente urbanas.

Polo exposto, consonte o previsto na Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, tras o acordo entre as administracións afectadas, por proposta da conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e oito de agosto de dous mil oito,

DISPÓN:

Artigo 1º

Apróbase o cambio de titularidade a favor do Concello de Pontevedra dos seguintes tramos de estradas:

1. E.P. 0003 Pedra do Lagarto-Marcón.

Parte da estrada de San Mauro e entronca coa do Pino-Ponte Bora, e ten unha lonxitude de 2.300 metros.

2. E.P. 0005 San Mauro-Pedra do Lagarto.